



# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

## ACTA 2017-1

PRIMEIRA CONVOCATORIA

**PLENO ORDINARIO**  
**1 de Febreiro de 2017**

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**13:30**

Hora de Finalización

**13:45**

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ  
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

### MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA  
DELFIN BOO PAYO  
DELFIN FIDALGO CARBALLO  
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO  
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ  
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO  
MARINA SALGADO CARNERO  
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN  
SERAFIN AUGUSTO DAMEA  
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEGO

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

### ACORDOS:

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 7 DE DECEMBRO DE 2016**

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión de data 7 de decembro de 2016. Non se formula ningunha obxección, polo que a dita acta apróbase por unanimidade.

#### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.

A continuación o alcalde dirxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS:

O voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, di que el non ten preguntas e a continuación toma a palabra a voceira de Veciños de Monterrei, para formular os seguintes rogos e preguntas:

- Por parte de Veciños de Monterrei a primeira pregunta é : cando ten pensado dar conta da sentenza firme do Tribunal Supremo, de data 12 de decembro de 2016, na que se anula o PXOM do Concello?





## CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Ao que o alcalde lle responde:

- Da sentenza darase conta cando corresponda, e cando corresponda é cando teñamos o testemuño de certeza dela, que non o temos, e iso quen nolo ten que comunicar é a Xunta de Galicia. Á Xunta de Galicia o Tribunal Supremo comunicarlle o testemuño de certeza da dita sentenza e a Xunta comunicaránolo a nós, que é o trámite que corresponde.

A voceira de Veciños di:

- E que como os medios de comunicación xa teñen a súa conta.

E o alcalde engade:

- Claro, o coñecemento da sentenza sabémolo pero o procedemento que hai para dar conta desta sentenza é ese que lle estou explicando

María del Carmen Sola continúa coa seguinte pregunta:

- No anterior pleno preguntáralle que tiña sido podada unha árbore na Pousa, polo Obradoiro de Emprego. Xa mirou ese tema?

E o alcalde respóndelle:

- Pois si, efectivamente. De feito íamoslle dar resposta no pleno de hoxe e, con relación a esa pregunta que vostede formulaba, hai un informe, e pódolle pasar copia del, de Emilio Fernández Silva, en calidade de director do Obradoiro de Emprego Támega III:

"Monterrei, 16 de xaneiro de 2017.

Emilio Fernández Silva, en calidade de director do Obradoiro de Emprego Támega III, a petición do grupo de goberno do Concello de Monterrei sobre actuacións na área recreativa da Pousa, INFORMO:

- Que a área recreativa da Pousa, sita no polígono 3, parcela 37, é pública e pertence aos veciños da Pousa.

- Que o proxecto pertence á Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que é esta a que ordena as actuacións dentro do Obradoiro de Emprego Támega III.

- Que nesta área veñen previstas as seguintes actuacións: reposición de mobiliario, limpeza, poda e mantemento de toda a parcela.

- Que a árbore que se decotou está dentro da parcela 37 do polígono 3. Se se actuou non foi en beneficio particular de ningún veciño senón pola actuación prevista no proxecto, e o seu corte entra dentro das podas. Ademais, a tal árbore supuña un perigo para o tendido eléctrico anexo, debido ao avance das pólas sobre este.

- En calidade de responsable de seguridade do Obradoiro Támega III, e como coordinador de seguridade polo Colexio de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros en Edificación, informo que os medios utilizados para levar tal fin para este traballo foron o emprego de medidas de seguridade colectivas e individuais e en cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Para isto alugouse unha plataforma elevadora de brazo articulado que usei e da que comprobei o seu estado e mantemento. As características da dita plataforma son de 16,25 m de elevación e un peso en cesta de 230 Kg, cun alcance de de 9,00 m. Ao mesmo tempo, en coordinación coa miña docente de xardinaría, ordenouse o corte parcial da rúa por medio de dous alumnos a cada sentido, e permitiuse o tráfico rodado tralo corte realizado na árbore.

- Os traballos proseguirán en coordinación co resto de traballos e concellos integrantes do





## CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

obradoiro.

Asdo: Emilio Fernández Silva

Arquitecto técnico e enxeñeiro de edificación, colexiado núm. 350 do COAATIE de Ourense  
Director do Obradoiro de Emprego Támeqa III"

Agrega a voceira de Veciños de Monterrei:

- Imaxino que cortarán a árbore de todo.

E o alcalde aclara:

- Estoulle informando o que, con relación á pregunta, se informou.

Continúa a voceira, María del Carmen Sola:

- O 13 de decembro inauguraron a oficina de turismo. Cando teñen pensado abrilá?

Infórmalle o alcalde:

- Pois, efectivamente, fixemos a inauguración e agora saíu unha orde para contratar persoal durante xuño, xullo, agosto e setembro por parte de Turismo, e contrataremos unha persoa para atender esa oficina. Agora ben, ata xuño que teremos esa persoa, a miña idea é que as dúas persoas que ten Turismo alí, que estean alí. Así como a de Cultura, pero a de Cultura é outro tema que non nos metemos nese persoal. Pero con relación aos de Turismo, a miña idea é que esas dúas persoas estean alí na nosa oficina de turismo. E, a maiores, con persoal que temos do Aprox Rural, imos intentar que nestes días haxa unha persoa para que teña a oficina aberta.

Segue coa súa intervención a voceira cos seguintes rogos:

- Rogo que repare as fochancas que hai na estrada que vai de Monterrei á Pousa, e mesmo na Pousa, e se pode acolchar os parques infantís de San Cristovo e Estevesiños.

Intervén agora o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, cunha pregunta:

- A Ordenanza do lixo, dixo que lle ía reducir ás granxas, que estaba pendente de facelo. Cando ten pensado facelo?

E o alcalde dille:

- Cando os traballos na Secretaría..., niso estamos.

Segue Francisco Javier Limia:

- As axudas a emprendedores, que tamén publicitou nos orzamentos, porque ao final rematará o ano e seguiremos no mesmo.

Di o alcalde:

- Aínda estamos en febreiro. E aprobamos o orzamento, aínda saíu publicado fai 10 días no boletín da provincial, entón, a Secretaría está traballando neses expedientes, nas diferentes axudas que hai para nacementos, para emprendedores, para asociacións. A tramitación administrativa é o que ten.

Puntualiza o concelleiro de Veciños de Monterrei:

- O do lixo non viña só do orzamento, que xa viña de antes.





## CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

E continúa:

- Non sei se lle comunicou ao alcalde de Cualedro o do desaugadoiro de San Millán.

Infórmalle o alcalde.

- Está comunicado.

Agrega Francisco Javier Limia:

- E se se limpou o de San Cristovo.

Ao que o alcalde lle explica:

- En relación á limpeza de San Cristovo, imos ver, hai que lle pedir a AquaOurense que nos limpe, e o que facemos sempre é cando temos varias fosas sépticas por limpiar, porque custa mil e pico euros o camión de AquaOurense, entón preferimos que cando veña o camión que teña varias cousas que atender.

Segue a preguntar o concelleiro de Veciños:

- En relación a unha pregunta feita no último pleno, que é na pista entre Estevesiños e Castrelo, se tiñan todos os permisos. Quedou tamén en contestar neste pleno.

Di o alcalde:

- Efectivamente, tiña aquí anotado para contestarlle. Pois si, temos informe tanto de Medio Rural, como da Confederación Hidrográfica e de Medio Ambiente.

Tenta aclarar o voceiro:

- Estaban todos os permisos?

E agrega o alcalde:

- Os informes sectoriais que hai que pedir para a realización desa obra.

E de novo pregunta Francisco Javier:

- Os permisos concedidos para poder facela?

E o alcalde asevera:

- Si. Eles emiten informes, non emiten permisos.

O concelleiro de Veciños fai agora a seguinte pregunta:

- O da rampla do cemiterio, que non sei se arranxou, a do cemiterio municipal.

Dille o alcalde:

- Durante este ano faremos...

E engade Francisco Javier Limia:

- Pero digo se á parte de que van seguir arranxando o cemiterio, cando foi no último pleno se notificou, e xa se sabía, que houbera unha persoa que caíra na rampla, que tropezara e esvarara. Eu non sei se estivo mirando, pero díxenlle que a rampla, que era completamente lisa, cun pouco de area que collera, simplemente pola chuvia que caera que a fora arrastrando, era suficiente para que caíse. Entón, non sei se tomaron algunha medida, porque non é cuestión de esperar medio ano a que haxa fondos e que volva caer outra persoa.



## CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Intervén neste momento a concelleira delegada, María Rosa González Rivero, e di:  
- Están avisados os rapaces xa para ir. Unha brigada que temos.

Continúa o concelleiro de Veciños con outras cuestións:

- Se instalaron, que non instalaron, a luz ata a casa do Amaro, en Mixós, e se teñen pensado facelo. O mesmo que a fonte da praza Ángel Medeiros, que segue estando igual.

E me comunicaban estes días que na estrada que vai á Pousa, onde a fonte do Mouro, que caeron varias pedras dunha parede que hai na parte de arriba. Ou se localiza ao propietario para que as volva colocar ou que se arranxe. Así como o amaño das fochancas das rúas que hai na Pousa.

Con respecto ao da árbore, si quería copia do informe e do proxecto ao que fai referencia no informe.

E o alcalde dille:

- Si, vale. Máis nada?

O concelleiro:

- Máis nada.

Remata o alcalde con estas palabras:

- Pois levantamos a sesión e moitas grazas a todos.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,



O secretario,

